

IX  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Orestes  
Rodríguez-López*

*IX*  
*Certame*  
*Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Orestes*  
*Rodríguez-López*



---

Un ano máis cúmpreme gustosamente prologar un novo libro correspondente á IX edición do Certame MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ e véñenme á mente dúas reflexións:

A primeira, ¿que é un libro?, un medio que se converte en firme transmisor dos sentimentos, das reflexións, das ideas e das palabras de quen as relata, converténdose en alimento do espírito humano. Xa dicía F.G. Lorca: “Que tenía más lástima de un hombre que quiere saber y no puede que de un hambriento, porque un hambriento puede calmar su hambre fácilmente con un pedazo de pan o fruta, pero un hombre que tiene ansias de saber y no tiene medios sufre una terrible agonía”.

Son pois, os libros, a ferramenta axeitada para loitar contra a escuridade da ignorancia, son a conciencia da sociedade. É suficiente botar unha ollada ó desenvolvemento da humanidade para poder comprobar que todo xira en torno ós libros, como exemplo lembrarnos da Biblia, Corán, Dereito Romano.....como deixou dito Voltaire “Todo o mundo civilizado gobiernase por uns cantos libros”.

Esta reflexión vén a conto do desexo do noso poeta “de se converter en axente dinamizador da cultura na perdura dos tempos”, abofé que o está a conseguir dende este humilde Certame, dando oportunidade ás mentes vivas e privilegiadas que queren espallar as súas inqedanzas, auspiciando así a eternización dos seus pensamentos a través, como non podía ser doutra maneira, dos libros.

A segunda reflexión vén a conto do ano que estamos rematando, primeiro Ano Santo do Milenium e cheo de sucesos moi cercanos a Manuel, quen a carón de Deus é máis coñecedor ca min do acontecido. Non poido deixar de lembrarme dos pensamentos que me transmitía, tanto do feito Xacobeo coma do seu amor polo rural, da repudiada emigración hoxe a medias rematada, digo a medias pois agora comezamos a ser receptores de inmigrantes pero as nosas mellores mentes seguen a voar a países ou rexións onde son mellor valoradas.

Si amigo Manuel, canto reflexionaches e escribiches sobre PARADELA, no Camiño, na súa realidade histórica, dende o nome do pobo ata o Mosteiro de Sta María de Loio, cuna da Orde dos Cabaleiros de Santiago (1170/1171), con que acerto augurabas o rexurdimento das peregrinacións masivas, do valor que tiñamos esquecido como vieiro máis importante da Cultura Universal, como crías no feito Xacobeo, con que agarimo nomeabas os pobos por onde

---

pasaba o Camiño que parecía unha armoniosa sinfonía: “Ferreiros, Mirallos, A Pena, O Couto, Rozas, Moimentos, Marcadoiro, Moutrás, A Brea, A Parrocha, Vilachá”, cada un co seu significado, coa súa enraizada historia.

Tiven, este ano, a sorte de cumprir un desexo de anos atrás, peregrinar desde Roncesvalles a Santiago e asegúroche que foi o mellor que me pasou nos últimos anos, vinte e catro días cheos de vida envolta nun ronsel de razas e culturas. Como disfrutei lembrándome das túas afirmacións sobre a valía da cultura dos pobos, a forza do sinxelo como xeito de vivir na beleza que a vida nos regala, do enriquecemento persoal a través do diálogo e do coñecemento alleo. Puiden comprobar a túa teima sobre o enmudacemento do rural, como está a morrer, como se perde unha fonte de vida xunguida á terra, ó natural . Que mágoa que o rural esmoreza dende o esquecemento das diversas Administracións e a falla de sensibilidade das novas xeracións que prefiren asentarse no bulicio da cidade. O teu libro “Reencontro coa aldea” que tan axeitadamente prologou o profesor Alonso Montero: “este que tendes nestas páxinas é Manuel Rodríguez López de corpo enteiro: co seu amor á aldea, co seu dominio de galego das terras de Sarria, coa súa visión elemental (e sincera) dos feitos, coa súa sinxela e grande capacidade comunicativa.....pro todo esto contado de tal xeito que a aldea está captada e as súas xentes retratadas. Certamente, sentímo-la aldea”, con data de publicación en marzo do 1983, segue a ser actual.

Non me cabe máis que felicitar ós gañadores deste Certame, na modalidade de poesía, Dna. María Goretti Fariña Caamaño e dous accésit de D. Manuel Luque Tapia e Dna. María Rey Torrente, e na modalidade de narrativa a D. Francisco Piñeiro González e dous accésit para D. Vicente Javier García Gómez e D.Andrés Albuerne de Frutos.

En canto ós lectores, que disfruten deste libriño que fai o número IX dunha colección erguida desde a vontade de contribuír ó espallamento da cultura e alentar a tantos homes e mulleres que teñen a grandeza de producir obra literaria.

**Paradela, Outono de 2004**

Xosé M. Mato Díaz

# Lembranza de Manuel

---

Andei nestes días de outono a revisar os umbrais de palabras, os textos limiares que foron adral e obertura á publicación dos traballos gañadores, en poesía e narrativa, nas convocatorias precedentes deste premio literario en honra e memoria do estimado escritor Manuel Rodríguez López.

Eu como membro do xurado dende a súa primeira edición xa fora lendo eses textos nos correspondentes libriños anuais, pero hoxe que os teño xuntos e fago seguida unha lectura dos autores que me precederon no labor que este ano a min se me encomenda, decátome de cómo vai de adiantada a “tese cum lauden de corazón, vivencia e terra” que sobre Manuel Rodríguez López se está a escribir ano tras ano sobre quen amou en garimosa e xenerosa desmesura altas palabras como: familia, amor, Galiza, idioma, entrega e fe, e amizade, e terra natal ou Paradela.

Amizade, digo, e adentro quen están decote a difundir, a falar, a escribir co corazón desbordado sobre quen foi compañeiro exemplar de tan breve pero tan densa vida compartida. E digo os seus nomes: Xesús Mato, Xosé Manuel Carballo, Xulio Xiz, e Manuel Blanco (dende Barcelona), e con todos Xosé Manuel Mato, alcalde de Paradela, dando apoio humano e institucional a toda a actividade que están a desenvolver (xunto á familia, con Santi á cabeceira) a prol de manter vivo o recoñecemento que merece Manuel Rodríguez López, que xa foi nomeado fillo predilecto e dá nome ó Centro Cultural da súa vila.

Eu, de tódalas miñas actividades vitais, son esencialmente poeta. E é polo 72, ano da publicación do meu primeiro libro, que o sempre amigo Paco Campos (hoxe recoñecido xornalista, e docente, e director dos medios de comunicación autonómicos galegos) era o compañeiro diario co que compartín ilusións e proxectos como foi o inicio en Edicións Celta de Lugo da colección de poesía Ruanova onde viu a luz o meu Pranto irmán.

¿ Que a que vén que conte este episodio ?. É daquela, con 16 ou 17 anos de idade, cando por Paco Campos (entón crítico literario do diario El Progreso) chega ás miñas mans o segundo libro publicado de Manuel Rodríguez López: “Saudade no bulleiro” (ano 70). Libro este que me impactou de forma que foron poemas para ler e reler moitas veces e nos que, eu adolescente, acha-

# Rodríguez López

---

ba tanta claridade e tanta verdade que resultaba un tesouro de palabra descarnada, de quen descoñecido, ata entón para min, escribía aqueles versos desde Catalunya. Sabía pouco máis de quen tan só era o manifesto dun poeta galego na emigración, pero si souben que me engaiolou xa dende o primeiro e maxistral poema dese libro. Cito os seis versos primeiros:

Sinto a nenez lonxana  
arrebolando na eira,  
xogando co balón feito de trapos,  
un tiracoios i aquil carromato.  
-Son moi probes os Magos das aldeas  
i os da vila non chegan ás bisbarras-

que me engaiolou en poemas, digo, ata o punto de memorizalos. Que me engaiolou mesmo, insisto, dende ese heptasílabo perfecto do título e que daquela investiguei para saber cál era a mensaxe que o autor tencionaba transmitirnos xuntando aquelas dúas palabras. De “saudade” si: dor da ausencia ou lembranza nostálgica por algo ou alguén querido pero distante. Estaba claro. Pero de “bulleiro”, só atopaba -creo acordar- significados como: lodo que se forma nos camiños despois da chuvia, ou paraxe pantanosa, ou lugar onde nace a auga, ou manancial que abrolla no chan... O caso é que por Ánxel Fole (con quen por eses anos frecuentaba eu asiduas conversas de media tarde no ventanal de El Regio que daba á ronda da muralla) souben que “bulleiro” podía ter, tiña, un significado figurado referido a feitos e actitudes que degradan ou envilecen. E por moitos anos aquel título do libro de Manuel Rodríguez López era para min, en traducción libre: “Dor nostálgica das cousas distantes amadas dende o lugar de vivir de preto todo o que degrada e envilece a vida e as accións do home”. (¡Tiña lería a libérrima transcripción miña de “Saudade no bulleiro”!). En todo caso, inquedaante título para un libro de poemas denunciador e contundente. Ese foi o meu primeiro achegamento a unhas páxinas nos que o autor semellaba delongar os versos, o idioma dos versos, e a vida, e mesmo as mans da vida. E mesmo parecíame que o poeta andaba a petar nas portas pechadas das consciencias, sen moito achar quen as abra.

Canto estou a contar, repito, corresponde ós anos 72/73, ata que a metade dos 80 (co regreso de Manolo a Galiza, a Lugo) é Xulio Xiz quen mo presenta ó ter coincidido os tres como membros do xurado dun premio literario. A partir de aí comezamos unha amizade que foi medrando co tempo cara á absoluta confianza, ata o punto de que el (de trato cordial, sempre calmoso e prudente) sabedor de que un libro meu era finalista do Premio Nacional de Poesía en Madrid, dicíame que o tería ganado de non ser eu un poeta de gramática rara e de escritura demasiado escura: “-Tes que escribir menos hermético”, díxome en máis dunha ocasión. Eu atalláballe coas razóns que sempre me habitaron e me habitan a respecto deste tema, e que por xa manifestadas outras veces non vou a expoñer aquí. Esta circunstancia cóntovola para que saibades que naquela confianza nosa había tamén discrepancias, literarias sobre todo, cómo non. Coido que anos despois cando co meu libro máis críptico (de cripta) me concederon o Premio Nacional da Crítica, o premio Martín Codax e volvíñ, ademais, ser finalista do Premio Nacional de Poesía, díxenlle en voz alta mirando ó ceo: “-Ves Manolo, non levabas razón”. Na parte laudatoria, pola contra, alabábame como recitador. Recordo que máis dunha vez nalgún café ou de paseantes polo parque Rosalía traía poemas seus para oídos na miña voz, e eu honradísimo (de honra e de honradez) aplicábame cun ton sonorísimo e interpretador que o emocionaba.

E ¡ cousas da vida! . Será por decembro do 93 ou primeiros do 94 cando -con Manolo ausente- ante un auditorio especialmente entusiasta e numeroso ( e Xulio Xiz non me deixará mentir) volva a ler un fermoso poema seu que foi aplaudido (en homenaxe a el) de xeito excepcional e que penso que é dos máis valiosos, e non son poucos, de cantos nos deixou Manuel Rodríguez López. (Foi no acto de presentación de Aliad-Ultreia/ Poesía e Pintura, e o poema titúlase “Xogade, pombiños garuleiros!”); transcribo dous fragmentos:

Xogade ó taborete, a pillar,  
á pita cega, á billarda,  
ós marcos e á estaca,  
e a quen máis corra  
e resalve máis sebes.

## *Lembranza de Manuel Rodríguez López*

E segue cuns cativantes e corais versos dialogados:

(Ti que estás no taborete  
¿que comiche?  
- Pan rolete  
¿Darasme un pouco del?  
- Darei, darei.  
Sube ti, que eu baixarei).

Ata aquí esta lembranza, necesariamente breve, do amigo Manuel-Oreste Rodríguez López. O autor doutros dous libros de poemas, de un de narrativa de reencontro coa aldea, de dous volumes con crónicas de galegos en Catalunya, dun libro de viaxes con Fole, o traductor da “Atlántida” de Verdaguer, pero para min (sempre preferente) o autor de Saudade no bulleiro, aquel libro do ano 70 que custaba 75 pesetas e que levaba un prólogo en catalán de Roger Canicio, e do que aínda sei versos de memoria. Por exemplo, páxina 48, poema “Vestida de aldraxe e mouras cubizas”. Recito en voz alta a última parte sen abrir o libro:

I aínda hai poetas que cantan ás frores  
e falan de meles i ensoñan amores  
i alaudan e gaban e baten as maus  
e din, a porfía, que somos irmáus.

Manolo, amigo, como dixen ó comezo, xa é outono do ano 2004. Eu escribín un día (ti sábelo ben) que a vida anda ávida e a morte é habilísima. ¿ É isto poesía hermética e escura ?. Manolo, en breve, ímonos ver en Paradela... e xa falamos.

**Xavier Rodríguez-Barrio**



# Acto de entrega dos

---

“Igual que Galicia celebra o Día das Letras Galegas e a Terra Chá o día das letras chairegas, Paradela celebra cada ano o día das letras de Paradela para honrar ó seu primeiro escritor, Manuel Rodríguez López, á literatura e a Paradela”. Son verbas pronunciadas por Xulio Xiz na presentación do acto de entrega dos premios da VIII Edición do Certame Literario que se celebrou o día dezanove de Decembro de 2003 nun salón do Centro Socio-Cultural paradelense ateigado de público. Trala intervención do señor Alcalde de Paradela Xosé Manuel Mato Díaz, na que recordou emotivamente a figura do homenaxeado, salientou a alta participación (153 traballos) e calidade das obras presentadas na VIII Edición, e agradeceu tanto a presenza dos escritores premiados como a colaboración dos participantes no acto, o Secretario do Concello Juan Luis González Iglesias procedeu á lectura da acta do xurado.

O propio Alcalde de Paradela, Irene López (viúva do homenaxeado) e Xesús Mato foron os encargados de entregar os diplomas ós premiados. Don Salvador Moreno Pérez, que se desplazou máis de mil kilómetros (desde Jumilla, Murcia) para recibir o primeiro premio de poesía (compartido con Alexandre Nerium) salientou o gran número de asistentes ó acto e felicitou ó Alcalde de Paradela pola organización do certame. Alexandre Nerium agradeceu ó Concello de Paradela por “apostar pola cenicienta do xénero de literario, que é a poesía, e por honrar a figura do insigne escritor desta zona, Manuel Rodríguez López. Sen dúbida esto vos honra e gardará o voso traballo e investimento a prol da poesía e narrativa galegas nos anales da historia da nosa cultura”. Por último, Francisco Piñeiro González tamén amosou a súa gratitude a Paradela polo espallamento da cultura que este concello está a realizar, e adicou o seu premio “a tres maravillosas estrelas que alumenan diariamente a miña vida, que son a miña muller e os meus dous fillos. Eles compoñen para min o poema máis grande de amor, que é a

# premios da VIII Edición

---

nosa familia”. Tódolos premiados presentes no acto leron anacos das súas obras.

Xosé Manuel Carballo foi o encargado de presentar o libro da VIII Edición do Certame de Paradela. Nunha improvisada alocución repleta de notas de humor que fixo as delicias do público asistente, o crego polifacético de Castro de Rei afirmou que “asistir ó nacemento ou presentación dun libro é algo importante na vida, sobre todo cando o que escribe é porque ten que dicir e non dice porque ten que escribir, como no caso de algúns escritores que cobran por escribir”.

A xove paradelense Mónica Fernández Armesto, recente gañadora dun premio de poesía sobre o Parlamento convocado pola Xunta de Galicia, deixou sobrada constancia do seu prometedor futuro na literatura galega coa declamación de memoria dunha extensa e fermosa poesía súa (“Poesía, verso que estás en min / solitario como unha verde pomba, / ruxidor igoal que unha fera loba, / dos meus adentros négaste a saír”) que adicou a Manuel Rodríguez López, afirmando que intentará seguir os seus pasos.

A continuación, rapaces e rapazas do colexio de Paradela (Marcos, Noel, Oliver, Alba González, Paula, Alba Golás e Luis) leron o conto “A feira do quince”, publicado na obra do homenaxeado Reencontro coa aldea.

Xesús Mato fixo referencia ós moitos valores que Paradela ten de vello como a paisaxe, os monumentos, a Ribeira Sacra, o camiño de Santiago e as tradicións, e salientou a importancia dos novos valores que Paradela está a producir na actualidade, destacando ó impulso cultural realizado. Acto seguido, presentou á audiencia ó Ribeira, brindei-

ro de Louzarella, “un dos poucos improvisadores de versos que quedan hoxendía en Galicia e no mundo”.

“Hoxe viñen de viaxe / fun á feira dos morodos / por non ir un por un / un saúdo para todos”. “Ben sei que non me conocen / que é a vez primeira / pois eu son un brindeiro / conocido por Ribeira”. Estes foron os dous primeiros brindos dunha serie de 73 que o Ribeira improvisou ó longo de 15 minutos sen interrupcións. O tema central da súa actuación foi a descripción das vodas de noutroa, incluíndo tamén brindos sobre a voda do príncipe Felipe e a princesa Letizia e outros adicados ós presentes no acto. A perfección na composición dos brindos improvisados polo Ribeira puxo de manifesto a dificultade desta práctica que, como dixo o propio brindeiro de Louzarella, “lévase no sangue e nace coa persoa”.

## *Acto de entrega dos premios da VIII Edición*

Tras unhas verbas do fillo máis novo do homenaxeado agradecendo en nome da familia ós paradelenses “por facer de Manuel Rodríguez López o Anxel Fole de Paradela, por darlle a posibilidade de seguir pervivindo e axudar a escritores novos e consagrados a engrandecer a cultura do noso pobo”, o Alcalde Xosé Manuel Mato procedeu a clausurar o acto. Impactado especialmente pola calidade poética da xove paradelense Mónica Fernández Armesto e agradecendo a presenza dos escritores premiados que mostraron a súa “gran calidade humana”, dos participantes no acto e do numeroso público asistente, rematou: “Un pobo que ten futuro é cando se move a alma, esto si que é sentimento, é a vida dun pobo”.

Santiago Rodríguez López

# Bases

---

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2003. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2003 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradela.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.



# Fallo do xurado

## Acta de constitución

### “IX Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día vinte nove de abril de dous mil catro. O Xurado designado, formado polos Señores:

D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;

D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),

D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),

D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),

D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e

D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.

E D Juan Luis González Iglesias, Secretario do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Outorgar o premio de POESÍA, á obra presentada baixo o lema AS DEVOCIÓNS DANADAS. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D<sup>a</sup>. María Gorette Fariña Caamaño, con enderezo en Vilagarcía, provincia de Pontevedra. Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra presentada baixo o lema NO SIRVEN ESTOS OJOS PARA MIRARTE. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. Manuel Luque Tapia, con enderezo en Doña Mencía, provincia de Córdoba.

- Accésit, á obra presentada baixo o lema A MAN QUE MECE O BERCE. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D<sup>a</sup>. María Rey Torrente, con enderezo en Narón, provincia de A Coruña.

Segundo: Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o lema DA AUGA E DA TERRA DE PARADELA. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. Francisco Piñeiro González, con enderezo en Cervo, provincia de Lugo.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de NARRATIVA.

-Accésit, á obra presentada baixo o lema A MOZA DA FONTE DO BARÁN. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. Vicente Javier García Gómez, con enderezo en Cambre, provincia de A Coruña.

-Accésit, á obra presentada baixo o lema EL SARGENTO DE WATERLOO. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. Andrés Albuérne de Frutos, con enderezo en Gijón-Asturias.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas, do que eu como Secretario dou fe.



### María Goretti Fariña Caamaño

**María Goretti Fariña Caamaño** nace en San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa, a mediados dos anos sesenta.

É bióloga e diplomada en xestión ambiental. Monitora habitual en cursos do chamado Plano FIF ou de Extensión Agraria.

Na actualidade, fai compatible o labor docente no Colexio Sagrada Familia de Vilagarcía, no que é responsable da área de ciencias, con traballos de guión para a productora Cetali-Audiovisuais, S.L. empresa videográfica especializada en temas ecolóxicos da que é cofundadora.

\*No eido da narrativa ten publicado:

- As cadelas. Concello de Marín, 1998.
- A obra. Universidade de Vigo-Ediciáns Xerais, 2000.
- Os dares e teres de Saladina. Consellería de Medio Ambiente, 2000.
- Amaro y Deolindo. Ayuntamiento de Santoña, Cantabria, 2001.

\*No da poesía:

- El muro. Ediciones Bracamonte, Salamanca, 1996.
- Os pálpitos da pertenza. Concello de Marín, 1997.
- Meniño de máis luz. Concello de Begonte, 1998.
- Do noxo estacionario. Concello de Viveiro, 1999.
- A quinta marcha. Concello de Vilalba, 1999.
- Nai e mais ninguén. Consellería de Educación - Follas Novas - Libros da Frouma, 2000.
- A onde volto. Cuadernos de Roldán. Sevilla, 2002.
- Nada por vir. Concello da Estrada, 2002.

Tódalas obras mencionadas obtiveron algún premio literario. Ademais leva acadado varios premios máis, tanto de prosa como de poesía, aínda pendentes da súa posible publicación.

Ten publicado, asemade, en diferentes medios escritos, artigos sobre temas diversos e pequenas colaboracións con poemas breves.

# *danadas*

María Goretti Fariña Caamaño

---

-I-

Así coma nun rezo estarrecido  
importado dalgún devocionario  
descubrín o silencio por contrario  
e vin o teu reflexo suprimido.

Non sei qué devoción terá sentido  
nese silencio teu, estacionario,  
mais esta mágoa troca de calvario  
para abondar as bágoas que ten tido.

Así neste danar do peito dando  
á devoción feita de fouzada,  
baleirei as liturxias toleando.  
Abacelou dos gumes unha espada  
e co dano, meu Deus, foise formando  
esta danada devoción da nada.

-II-

Eu ben podo berrar a túa ausencia  
desta casa danada e máis deserta  
de Ti cando o silencio desconcerta  
como perturba tanta indiferencia.

E asáñome no fol da denegrenca  
e guíndome no sono que me enxerta  
á laxa desta morte turdía e certa  
na incerteza miña sen presenza.

Quizais me queres menos porque digo  
que é este padecer quen te delata  
elíptico na tebra e no tormento.

Quizais só é o que me ten contigo  
o recíproco enigma que nos mata  
e nos une no mesmo atoamento.

-III-

Qué me procuras morno e rescindido,  
Señor, que me asolagas nesta enchente,  
testemuña da perda tan presente  
na que es Ti quen non te das perdido.

Por que este pranto segue estarecido  
enxurrado de sombras e de xente  
pra se inzaren en min subitamente  
nun esbagoar de queixas renacido.

Sonche bágoas teimosas e fondías  
inutilmente miñas nas fonduras,  
nas impávidas pálpebras, nas pías  
onde só mergullarse ten farturas,  
¿mais, por que só perder ten garantías  
e só as bágoas son, á fin, seguras?

-IV-

Ben que cho sei: Ti nunca te presentas  
para dicir que é o que ven ó caso  
ou librar-me da enchente deste atraso  
que te crea nas bágoas que me aumentas.  
Eu son coma ás demais, camiño ás tentas  
nas escuras cavernas do fracaso,  
sonche outra interrogante paso a paso  
parasitando as horas máis noxentas.

Son un paxaro murcho que che fala  
e celebra o alpiste dos teus dedos  
co mainiño piar da incompetencia;  
a que así, na gaiola, a penas cala  
e supón que tes luz para estes medos  
e algún sorriso cara á insistencia.

-V-

E logo qué, Señor, e agora onde  
hei bater esta testa resentida,  
en cal estarrecer, en que medida  
me aniquila a sombra que me esconde.

Insisto sen palabra que me abonde  
neste escoitar de noite destemida,  
desprovista de Ti, negra e espida  
dun redentor rebumbio que me afonde.



E agora cando alanco e cando aturo  
o saloucar do xabre e a xenreira,  
volvo os ollos a Ti, clamo e clausuro  
a media viaxe pola vida enteira.  
Agora qué, Señor, onde o conxuro  
de tanto remexer nesta laceira.

-VI-

Dáme este cáliz só se é obrigado  
apurar o seu viño sen dispensa;  
non consideres cada noxo ofensa,  
non me sinalas nalgún dano dado.

Dáme resposta no morrer minguado  
ó resistir e non achar defensa,  
ó nunca ter de certo o que se pensa  
e andar co peito feble e enganado.

Non se te albisca na carne e no óso,  
tan só no pranto figuras máis noso,  
¿é iso coa dor o que gañamos?  
E clamo no solar que presentimos,  
¿por que estamos tan lonxe se subimos  
e á túa beira só cando choramos?

-VII-

Ten piedade, Señor, desta ferida  
que se dixo venial e foi noxenta  
coma un verme que aniña e mais alenta  
no silencio de andar lida que lida.

Ten compaixón na noite e da gorida  
dos pasos desde peito que acrecenta  
de arrepíos a sombra desatenta  
que pertence de sempre á recaída.  
Esta oración urxente, gadoupada,  
é un pranto, Señor, e os aldraxados  
clamamos cara a Ti estarrecidos.  
Pedimos un sinal, unha luzada,  
e piedade, Señor, dos expropiados  
que non quixemos ser máis que esquecidos.



### Manuel Luque Tapia

**Manuel Luque Tapia** nace en Doña Mencía (Córdoba) el 16 de Diciembre de 1962. En Córdoba obtiene la licenciatura de Filosofía y Letras (División de Filología Hispánica) en 1986.

El afán por la literatura y más en especial por la poesía le viene dado desde su infancia, pero el hermetismo que mantiene para con su obra hace que ésta permanezca inédita hasta que, impulsado por su esposa, hermanos y amigos, en 1997 participa en el concurso poético "Doña luz" en el que obtiene el primer premio.

A partir de ese momento su actividad literaria ha ido "in crescendo", participando en revistas literarias tales como Luces y sombras, Tafalla (Navarra), La Cacetilla Literaria, Elche y Opúsculo Poético, Palma de Mallorca (Baleares) entre otras, bien como articulista, bien como medio de divulgación de su obra poética y narrativa.

Ha sido incluido en diversas antologías poéticas y de relatos. Tiene publicados dos libros de poemas Sombras del crepúsculo (1998) y Al-garid (2002) y ha obtenido más de medio centenar de premios literarios tanto en el campo de la poesía como en el de la prosa.

# *ojos para mirarte*

Manuel Luque Tapia

---

Tiene Yasmín once años  
y han conocido ya sus ojos  
cielos rasos de pólvora y ceniza,  
rastros de huesos derretidos,  
y barrancos inmensos de cuerpos sin nombre  
ungidos sus pechos de olvido.

Sus ojos hoy,  
vaciadas de azul sus pupilas,  
son los ojos del hambre y del horror,  
dos nidos de negror  
que ocupan toda la pantalla  
y que aunque parecen no mirar a ningún lado,  
nos despiertan de la indiferencia  
con la que miramos  
la segunda edición de las noticias,  
mientras apaciguamos la hambruna.

Hoy en Kabul, el cielo ha tornado de añil a plumizo  
Y la ausencia de palomas en los parques  
delata hojarasca de carne abatida  
por volutas de metralla  
y pernos metálicos.

Porque hoy  
-como ayer-,  
toda la ciudad de Kabul es un disparo  
que incendia cosechas  
y deja madres viudas  
y niños huérfanos  
y campos sembrados de cruces  
que son nombres extinguidos,  
que quizás alguien, algún día,

cite por miles en un sangriento diario.  
Hoy, los ojos de Yasmín,  
habitados de golpe por la guerra,  
hablan por sí solos  
y nos duele su mirada  
que nos llena de asombro y vergüenza,  
aunque apenas dure el tiempo suficiente  
para recordarnos  
que una vez fuimos humanos.

Y es que duele tanto la mirada hueca de un niño  
que hasta en la distancia  
salpican sus lágrimas tristeza,  
nos despiertan de la ignominia de nuestra pasividad,  
y descorren el velo de la asepsia  
que nos cubre en la distancia.

Han quedado esta noche sus ojos  
-orondas obleas de pan blanco-  
secos y yermos  
como la arena del desierto que a diario pisa.

Todo el azul del mar en sus ojos  
se ha desvanecido,  
y su aliento,  
más allá del plomo que levita en el aire,  
se ha hundido en la mansedumbre del miedo  
a que obliga la guerra.

Ojos de Yasmín hoy  
que en el iris  
reflejan el pecado del mundo  
-el mío y el tuyo-,  
y sin embargo, su boca nos regala una apacible sonrisa



## *No sirven estos ojos para mirarte*

que le rebosa el rostro de ternura,  
ni una pizca de odio hay en su mirada.

Por eso, Yasmín, hoy comprendo  
-tal vez alguien más comprenda-  
que no sirven ya estos ojos,  
-ojos ahora demasiado miopes-  
para mirarte,  
porque de sobra sé  
que el llanto enmudecido de tu mirada hoy,  
sólo es un rumor de olvido para mañana,  
o quizás, para dentro tan sólo de unos instantes.

# Non chores neno

---



## María Rey Torrente

**María Rey Torrente** nació en Ferrol y es licenciada en Derecho por la Universidad de Santiago de Compostela. Actualmente trabaja en la Delegación Provincial de Pontevedra de la Consellería de Educación.

La literatura es una constante en su vida, es una lectora empedernida, escribir es una necesidad, un intento de asimilación de realidades que a menudo le exceden; nunca se ha planteado el hecho de que lo que escribe tenga aunque sea una mínima difusión, lo concibe como algo personal, un modo de templar el ánimo en un mundo -excesivamente crispado.

En el año 2002 se presentó al certamen de relato breve del Concello de Chantada obteniendo el primer premio, lo que le animó a presentarse al concurso de poesía del Concello de Paradela.

# *porque a marea...*

María Rey Torrente

---

Non chores neno porque a marea  
non traia cunchas e buguinas,  
Non chores neno porque da man  
non poidamos achegarnos a beira.  
Non chores meu meniño,  
que os meus brazos mecen  
o teu branco corpiño,  
para que á alba os teus azuis ollos  
se misturen co ceo.  
Non chores porque o canto da serea,  
sexa hoxe saeta.  
Non chores porque pronto chegará  
a ama da teta negra.  
Non chores meu filliño  
que das pantasma dos pobres  
ninguén se lembra,  
que de tan pobres  
nin o susto lles medra.

Non escoites, é mellor  
Que as ilusións,  
da lúa ficaron penduradas,  
por cabeleiras prateadas,  
prisioneiras de longas esperas.  
Non escoites queridiño,  
que son de fume os sollos escachados  
que traen as ondas salgadas  
so durme, durme, durme ...  
Que xa non teñen morada  
os trasnos e as fadas,

e a area é cimiterio  
de castelos de fantasía,  
os anxos da noite  
traen medo e friaxe.  
Durme no meu colo, meu amor  
que a noite é longa,  
dunne o meu carón,  
que no borboriño do vento,  
a soidade non prega perdón.

Durme quente meu neno férmoso  
Que hai nenos con almas  
de bágoas sen pan.  
Durme meu bonitiño, que para ti soño  
é o canto do poeta da mar.  
Durme miña xoía,


*Non chores neno porque a marea...*

que os nenos dos ollos espidos  
e as mans valeiras,  
viaxan sen verso  
nos ventres preñados  
das pateras.

Berces de engano  
que mecen as mans dos amos,  
ronsel de destinos sen vida  
afogan,  
na indiferencia  
estéril da cobiza.

Durme, durme, durme...  
Que o inferno e mais estrano  
do que Dante puido imaxinar.





### **Francisco Piñeiro González**

Francisco Piñeiro González naceu o 4 de xullo de 1956 no Reguengo, Mondoñedo (Lugo).

#### **OBRAS REALIZADAS:**

Entre as súas obras máis representadas destacan Andar á comenencia, Na Encrucillada, Cambadelas, Relax-Total, Trébedes sen lume, Plática Sisual, No San Campio, Ferro e fariña, Borrando sombras e as infantís Nos anos bisestos os animais tamén falan galego, O bicho e Unha tarde de pesca. No teatro da rúa, destacan os espectáculos de masas titulados A emigración, con máis de sesenta actores, creado para a "Queimada Popular" de Cervo e gravado para o programa televisivo "De Galicia para el mundo", A rebelión irmandiña, nos arredores do Castelo de Moeche o Milagre de San Campio para o programa "Galicia enteira". Ademais, fixo guións de títeres para programas educativos europeos como "Terra e lume" e guións de teatro radiofónico como "O milagre da reciclaxe".

#### **OUTROS DATOS DE INTERESE:**

Foi galardoado co primeiro premio no certame "Laxeteatro 2001" pola peza titulada No San Campio e o terceiro premio por Cambadelas. Así mesmo, conseguiu un accésit no certame "Manuel Oreste 2003" polo poema "Ai de min Paradela" e no verán do 2004 o cuarto premio no Certame de Teatro "Daniel Cortezón" pola representación da obra "Trébedes sen lume".

#### **CURRICULUM:**

Tras estudar Maxisterio en Lugo, comezou o seu labor docente en San Cugat del Vallés (Barcelona). Posteriormente, regresou a Galicia traballando na Mariña Lucense, Sarria, Ferrol e finalmente no I.E.S. Monte Castelo de Burela. Para completar o seu traballo pedagóxico, realizou experiencias teatrais no Auditorio de Sargadelos que finalizarían coa fundación e dirección dos grupos de teatro "O Bordelo" (Cervo) en 1998 e "A Adala" de Fazouro (Foz) en 1999, cos que leva máis de duascenas representacións polos escenarios de Galicia e no occidente de Asturias, sempre con obras da súa autoría, merecedoras de varios diplomas.

# terra de Paradela

Francisco Piñeiro González

---

Recordo que arrimeei o bordón para darme un descanso na carballeira de Ferreiros. Alí as follas dos carballos aprenderan a ler figando polas ventás da escola. Pendurei a esclavina nun garafeto. Non se inmutou o vello escornabois que torpemente apalpaba nos tetos dun carrabouxo. Logo, sentei. Entretíveme en raspiñarlle ó aire profundos bocados daquela paradisíaca frescura, vento barbadelo, agasallo do ceo nos seráns caniculares para peregrinos cansos.

Pouco tardei en entregarme, sen querer, ó colo de Morfeo. Espertoume o solpor, ó son duns cantos corais. Soaba a concerto de difusos efluvios dun lonxano aquellarre. Mais, ...eran., ¡eran. ras!; si, ras, resgando o roibén cos seus sacos vocais. ¿Ou non eran ras? Voltei a reparar naquel estrano falar ata decatarme que non, non semellaban cantos sexuais.

-¿Por que xemen de tres en tres?- pensei.

Hoxe sei que eran gritos de clemencia, de anguria e de piedade; súplicas de liberación duns machos, nas augas cativos, e, nas beiras, chorando as súas donas e fillos cos corazón en tres anacos fendidos.

Daquela, veume á memoria a lenda do Lethes, nas terras do Limacea, país do esquecemento, onde a auga abrolla feiticeira para engaiolar ós estranos que as ousen cruzar, roubándolle-los sentidos e así non podían voltar. Pero non era o caso. Eu estaba cabal, cos pés na terra, envolto na penumbra dunha fermosa carballeira de Paradela.

De súpeto albisquei o paseniño bambeo dunha luz que se me achegaba. Recoñezo que pensei na Santa Compañía.

-Botóuselle a noite enriba - faloume aquela voz con ollos reflexentos, tras dun farol. - Ten vostede durmir de pedra para non espertar co estarabouzar das chocas mentres recollíamo-la facenda.

Sorrín afablemente e preguntei receoso:

¿Non saberá onde poderán darme durmida para esta noite?

-Nesta noite ninguén dorme en Paradela -afirmou con rotundidade aquel home sen deixar de andar.

-¿E iso?- manifestei sorprendido.

-Cousas da morte, señor,... cousas da morte - explicaba o ancián de pómulos prominentes, coa pel labrada polas rellas do tempo nos eidos do Cabalo, do Maior, do Raña e do Veitureira, catro sentinelas que custodian o

corazón de Paradela. Non detivo o seu meditabundo paso , como se quixera borra-las sombras do chan na percura de respostas convincentes para aquilo que lle embotaba a cabeza. - Mellor lle sería facerme compañía - aconsellou. - Polo menos terá conversa e algunha codia con augardente non ha de faltar, por algo se coñece á casa dos mortos pola casa dos da Raspa.

- ¡ A casa dos mortos! - pensei estremecido - ¿De que me fala este home?

A présa, recollín as miñas escasas pertenzas de peregrino e botei a andar canda el.

- Feitorías da morte ruín, ...aloumiños do demo - proseguía rosmando o vello.

- Por iso choran as ras, ¿verdade?

Parou en seco; enérxico, ergueu o farol ata altura dos meus ollos , cravoume as súas pupilas mouras para escudriñar-me nos adentros. Antes de con-  
testar bufou:

- Nótase que non é vostede aquí. ¡ Ata os meniños dos arredores saben de memoria a verdadeira razón dos laios das ras, como vostede di, que non son tal ! -rematou medio anoxado.

- ¡Perdón! Eu non sabía que...

¡Non ten porque sabelo... se non ten raíces nesta terra - aclarou máis calmo. - É unha historia moi vella. Élle historia de auga... ¡Auga que o tempo leva pero o pouso queda! ¡A afronta do Loio, señor, a afronta do Loio! Agonías dun río mergullado. ¡O noso río! ¡Noso e moi noso! - enfatizou o vello esgrimindo a caxata por riba da miña cabeza. - Nace na nosa terra e morre sen saír dela porque é de lei, como debe ser un fillo de Paradela - afirmou con rotundidade e continuou camiño.-Mire para acolá - indicou ó lonxe. - chamámoslle o Monte Maior e alí o Alto da Cruz.

Certamente para un forasteiro era abraiante observar aquela estampa. Nin que as estrelas se pousaran na terra, nas abas dos montes, no fondo dos vales. Luces de fáticos , de lanternas e farois serpeaban na escuridade da paisaxe confluindo todos no mesmo camiño.

- Somos vagalumes da morte, señor. Imos todos para San Martiño. Caprichos do demo - dixo o vello. - Pase con coidado ese rego. Chamámoslle o Mirallas. Témoslle moito apego por ser fillo do gran xefe, o noso venerable Loio, nosa vea maior .

-O da historia de auga que aínda non me acaba de contar - indiquei coa inqueda propia dun neno por sabela. - Parece unha historia sentida...

- Certo, certo. Vexo que vai vostede asentando. Pero esa historia sábea calquera. Xa llo dixen. Antes de chegarmos, será mellor adiantarlle algo do caso dos finados que imos velar. Esta si que é unha historia de terra, non de auga, nin de vento. É tan certa e verdadeira que mesmo a min me custaría crela de non ser que, sen querer, vinme envolto nela. ¿Vostede nunca oiu falar do Imantado de Francos?- espetoume o vello como se fose a miña obriga sabelo.

## Da auga e da terra de Paradela

- Non, non, nunca oín tal nome.

- Oiu, señor, oiú! -asegurou. -¡Non ía oír! Seguro que escoitou falar del centos de veces, anque veña vostede de moi lonxe. A sonda do Imantado voaba por riba das augas do Miño e dos nosos sete concellos veciños. O seu nome verdadeiro era Atilano. De neno moito leva xogado comigo á billarda. Aínda que parecece un rapaz igual cós demais éralle moi singular; acaparaba tódalas disgracias; ¡Nin que posuira un imán de atrae-lo mal! Se furtabamo-las cereixas do crego de San Miguel, creballe a ponla; quedaba pendurado pola chaqueta ou pillábao o abade para empaquetarlle a torena que nos correspondía a todos.

-*“Espetoume unha malleira descomunal para que a repartise convosco - comentaba o Atilano - pero xa que a teño no corpo seica me vou a quedar con ela.”*

-Nós riamos ó pé do cruceiro. Se arrebolaba un croio, había de engrela-los brazos de tan absurda postura que ó remate caíalle enriba da súa propia testa. Sempre andaba cheíño de negrós e de cornos..

-*“ Por algo me chaman o fillo do demo - sentenciaba con amarga retranca o Atilano.”*

- Súa nai era solteira - explicou o vello baixando a voz para evitar ser escoitado polas moitas luces que nos adiantaban. - Nunca do barrio saíra polo que algún veciño noso tiña que se-lo pai da criatura. Digo eu.

-Alguén sería, si - corroborei .

-¡A min non me mire! - advertiu o vello mentres gardaba a cabicha no peto do chaleco. - O Atilano, - proseguiu - xa de neno, comparándolle os ademáns, - achegoume a cara case ó meu oído - era cuspidiño ó pai do Xenaro. ¿Vostede tampouco sabe quen era o Xenaro, claro? O Xenaro é un dos defuntos a quen imos velar agora, ¿ vai entendendo?.

-Si, si -afirmei. -Estame a contar unha historia de terra.

-Así é. Do ceIrne da terra de Paradela -enfátizou o vello. - Ó pai do Xenaro alumabanlle O Cuco polo costume de semear en muller allea. Xa sabe; pracer dun, disgracia doutros. Pois si, meu señor, si, o Atilano éralle así, tal como llo veño contando. Se baixabamos na tartana, arrolaba pola carrileira. Tiña as pernas e os brazos pragados de bostelas moradas, vermellas,..Iso sí, nunca, nunca se enconicaba. Ninguén lle vira soltar unha soa bágoa, nin sequera un ai. ¡Debía estar feito de ferro! Nós, ás veces, chorabamos adrede para ensinarlle a chorar pero nunca deu resultado. Polo demais era calado. Adoitaba observar cos ollos arregalados, coma un cadelo namorado. Seu falar era de vello apousado, sentenciando sen malgastar media verba. Bastaba escoitar o seu alento para supoñer o que pensaba. Mais desconcertaba. Cando agardabas que chorase, sorría, sorría co seu enigmático ricto; sorría e calaba, calaba e seguía,... lento, moi lento, como se lle custara arranca-los pés do chan. Súa nai reprobaba tanta parsimonia dicíndolle :

-” *¡Que bo eras para irs na procura da morte, meu fillo! Contigo tarde había de chegar.* “

-Atilano voltaba a amosar aquel sorriso morno que a min tanto me intrigaba. Mais, heille contar - asegurou o vello secando a fronte co pano das mans como se andivera desacougado. - Houbo un día no que chegou a morte daquel sorriso.

-¡Morreu de pequeno! -exclamei.

-¡Que ía morrer!... ¡Non me esquecerá mentras eu teña vida! - afirmou o vello sentando nun poio - Era no mes da sega. O cantar dos grilos cosía o día coa noite Estabamos xogando á billarda na eira do medio. Tocabame lanzar e ó Atilano recoller. Saíu a busca-las vintecinco que consistía en pillar-la estornela no aire ¡Saberá vostede como se xoga a billarda, supoño!- asegurou o vello

-Si,...si. Oín falar dela - contestei algo cachado.

-Oiu falar, oiú falar...iso é coma uli-lo viño e non o probar. ¡De onde virá vostede!-exclamou como se eu fose un ser galáctico. Logo continuou: -O caso foi que o Atilano ía polas vintecinco, lento, moi lento, como sempre, ata que escoitou asubia-la billarda tra-las orellas; daquela revirouse o malfadado, xusto para que a billarda coa punta lle baleirase a cunca do seu ollíño dereito .

-¡Aí!- escapóuseme un arrepío

-¡Quedou o bugallo do ollo pendurado polo nervio! Era un axóuxere encarnado!- afirmou o vello coa serenidade de ter repasado aquela imaxe, centos, miles de veces. -Tódolos presentes levámo-las mans á cabeza; todos,... todos, agás el que permanecía inmóbil como un espantallo cos brazos colgados. Xenaro, un dos difuntos que imos a velar...

-Si, si, xa sei.- interrompín

-Xenaro leváballe ó Atilano dez anos e medio metro, ou máis- sinalou alzando a palma da man. -Acercouselle á présa. Sen mediar palabra quitou a navalla para segarlle o nervio.

-¡Uiiii! -susurrei entre dentes.

-Non lle estou contado mentira - asegurou o vello. -¡Oxalá a fose!..Atilano sempre fora lento pero reaccionou coma un raio. Subiu rauda a man dereita .Apresou o pulso do Xenaro e fíxolle dobregarse por primeira vez diante nosa....; non sería a última. Despois camiñou paseniño entre o noso abraio abalando o seu ollo por riba da fazula ensanguentada ata chegar á súa casa... Dalí non tardaron en saír afiados xemidos maternais esgazando a penumbra. Aquilo arredounos do Atilano por moito tempo.

-¡Vaia disgracia! -exclamei.

-Abofé que si - afirmou o vello, erguéndose do poio mentres se queixaba dos cadrís.

-Imos que a este paso non chegamos para o rosario. Aínda que tanto ten. Agora non hai quen rece o rosario con xeito. Antes latricaban en latín aquelas ledaiñas que ninguén sabía o que dicían pero soaban tan ben. A min semellábanse-

## Da auga e da terra de Paradela

me moito ás campás de Santa Olaia cando chamaban ós veciños para apaga-lo lume no couto de Santalla.

-¿Non quedaría cego o Atilano?- preguntei con toda a intención para que o vello non descarrilase e se fora por outra vía.

-Eu,- continuou o vello sacando petaca e librillo - ¿Fuma vostede?.

-Non, non, grazias.

-¡Non sabe a sorte que ten! A min estame matando. Pero cando remate de contarlle a historia vostede verá que hai formas de morrer máis raras ca esta - asegurou mentres pasaba a lingua polo papel de fumar. Logo encendeu a mecha do chisqueiro. Cos primeiros fumes fluíndo do nariz continuou :

-Eu- dicíalle -vivía porta con porta do Atilano. Souben das visitas que fixeron a cantos médicos había na provincia; mesmo visitaron ó curandeiro de Bravos aló na Mariña Luguesa. Nin con iso, nin coas ofrendas ós santos, nin cos feitizos das meigas. De nada serviu. ¡Mira que pasei noites en vela, rezando tra-los cristais da ventá, maldicindo a miña sorte e pregándolle a Deus que fixera o milagre que non puido ou non quixo facer! Cando voltei a ver ó Atilano xa levaba un ollo de vidro verde-amarelo cun escarabello mouro no medio. Boteime a chorar ós seus pés suplicándolle o perdón.

” *¡Dariache un ollo dos meus , se valeral- díxenlle. “*

” *Non son da mesma talla - respostou - Non te aflixas porque para o que hai que ver teño de sobra. “*

-¡Mira que tiña ironía despois da disgracia- apuntei

-Comentaba a xente que o Atilano, á forza, debía ter alma de bendito para poder soportar semellante traxedia con tanta resignación. Mesmo parecía contento. Pero eu botaba *en falta* aquel morno sorrir que se esvaecera dos seus beizos. ¡Morréralle o sorriso!

-Quedou chosco de por vida- asegurei.

-Só ata que morreu - aclarou moi agudo. - O Atilano, abandoou a escola para aprender dun tío seu o oficio de zoqueiro, aló en Bermil, na parroquia de Santa Cristina. Tan ben se lle acaeu que ós quince anos xa calzaba a toda a veciñanza. Disque as súas zocas aloumiñaban a lama, bicaban ás pedras dos camiños e daban un andar de señorío, unha elegancia pola que non tardaron en poxar tódalas casas fortes, casas grandes e mesmo os pazos da redonda onde chegou a zoquear semanas enteiras, mantido e durmido. Foi neles, onde, nas longas noites da inverniá, aprendeu dos albeites, menciñeiros, e curandeiros os remedios a tódolos males habidos e por haber contados no escano, tra-la lareira. E velái que de volta á casa visitaba impedidos, limpaba espullas, furunchos, tirizós, neixarigos...Todo o sanaba con tal eficacia que en poucos anos chegou a recibir na súa casa ringleiras de xente de tódalas parroquias e outros de moi lonxe, de máis lonxe que vén vostede. ¡Ata chegou algún cun idioma raro !

-Sería estranxeiro - apuntei coa intención de colaborar .

-Estranxeiro non, señor. En Paradela ninguén é estranxeiro. Era raro, iso si- sentenciou o vello. -Entraban cargadiños de males e saían lixeiros, ledos coma paxaros, libres das doenzas que se apousaban no corpo do Atilano facéndoo cada vez máis inmóbil. As malas linguas, entre as que andaba a do Xenaro, hoxe defunto, rosmaban que a causa de tal gravidez non era outra que a morea de cartos ripados ás visitas. Envexa, digo eu. Xenreira que relaba os adentros do Xenaro dende aquela vez que lle fixera dobregarse... e non ía se-la última, lembreo vostede ben.

-Pero todo isto que me conta , ¿que ten que ver coas ras que eu escoitei!

-¡E deulle coas ras! ¡Non lle expliquei que non había tal cousa! ¿Ou vostede oe mal? - preguntou claramente anoxado amosándome o recatón da caia-da.- ¿Non estará por amolarme?

-Non, non, non. Disculpe - supliquei comprendendo que non debía contradicirlle.

-As historias de terra afogan na auga, como afogou o Loio, ¿entende?

-Si, si, entendo.- xurei, mais eu non era capaz de fia-las dúas historias.

-Contareille, se quere oír, como o diaño tentou ó Atilano a agatar polos ameneiros, aí abaixo, á beira do rego Borcelo, outro dos fillos do Loio.

¡ O xefe!- recordei.

-Así é, o noso gran xefe, o Loio. Xa vexo que vai caendo vostede no púcaro da nosa esencia. Ten vostede unha virtude moi apreciada nesta terra.

-¡Aí, si! ¿Cal é?

-Sabe vostede escoitar. ¿Onde aprendeu?

-Mentres percorro o Camiño de Santiago..Nas horas de silencio cando ninguén me fala escoito as máis belas palabras.

-Canta razón ten. Eu teño ido ata a Croa do Tournal para escoita-las ras, como vostede di. ¡Que non son ras! ¿Entende? Dende alí, no silencio da tarde, aprendín o seu falar, pero esa é historia de auga que calquera lla pode contar- cortou sen deixarme saborear máis. -Íalle dicindo que o Atilano quería repola-los ameneiros. Pois, esgazoulle a ponla. Caeu de costas e partiu a espiña. Quedou coma un ourizo, encoscado de por vida, condenado a arrastra-las cachas por onde outros lucían as súas zocas.

-¡Pobre Atilano! - exclamei apenado sen coñecelo de nada.

-¡Así lle foi! Cando vén unha nunca vén soa!- asegurou o vello. -A tarde na que o volvín a ver tomaba a raiola na soleira á carón dos lagartos. Sentín arrepiós. Tiña tal xoroba que asemellaba un monstro de dúas cabezas.

-” Non me mires dese xeito -dixo-. Hai bichos peores. “

-” ¿Como andas ? - preguntei arrepentíndome ó momento da miña inoportuna linguaxe. “

## Da auga e da terra de Paradela

-”A rastro -contestou sen anoxarse- pero non serve de nada queixarse. Nada me doe. “

-Mandoume entrar e tivemos de parola, lembrando a nosa nenez. Sentei nun tallo. El seguiu prostrado nas lastras do chan coma un cadeliño ós meus pés. Convidoume a un albaroque.

-”*Quéroche pedir un favor- explicou de súpeto, Atilano. Vai ó alboio e recolle toda-las miñas ferramentas: a aixola, o trade,... todo. Quero que as leves e as gardes onde eu nunca máis as vexa;...ninguén que ande co cu serve para facer unhas zocas -rematou amosando...¡ unha bágoa !...por debaixo daquel ollo de vidro. “*

-Anagoume a emoción- expresou o vello suspirando.

-” *Acabo de perde-la única bágoa que trouxen a este mundo - explicoume o Atilano “*

-” *¡Unha soa! ¿Por iso nunca chorabas de neno? “*

-” *Nacín seco de tanto chorar no ventre da miña nai. Ela finxía para soporta-la súa pena. Nacín espremido, cos ollos calosos. Quixen adicarlle esta bágoa á miña nai, no seu leito de morte, mais prohibíume derramala ,... Así o cumprín .Morreu orgullosa de min. “*

-¡Que axiña se acaba un home!- meditei en alto.

-Iso mesmo pensei eu daquela- explicou o vello.- Mais a pesares dos seus impedimentos, a fama do Atilano foi en aumento. Atesourou moito diñeiro que prestaba sen xuros. Asinaba só cun forte apertón de mans, mirándoche ós ollos. Iso foi o que máis lle custou ó Xenaro,-hoxe defunto-, cando se viu na obriga de ter que pidirle os cartos para poder merca-la casa -a casa da Raspa, a onde imos agora. Ocorriu porque quería casar coa Isolina. Tan xigantón como era o Xenaro seica tivo que axeonllarse diante do Atilano para vérense as caras. Era a segunda vez que se inclinaba ...e non sería a última, lémbreo ben.

-¡Hai que ver! -expresei admirado.

-Claro que hai que ver -especificou o vello -o caso é ter con que. E o Atilano nin tiña ollo nin usaba os pés. Pero non houbo en toda a comarca casa máis forte e apreciada ca do Atilano; sobrepasaba á dos Torres-Quevedo, que xa é dicir. Don Atilano, lle chamaban todos. Chegou a ter varios criados e un cocheiro para guía-la mula pedresa que tiraba dun carro baixiño cun elevador de roldanas, ideado polo ferreiro de Cortes, para subir e baixar ó señor. Vestido sempre de mouro, Atilano era un vulto con sombreiro ; un vulto de moito respecto agás para o Xenaro -hoxe de corpo presente -que, ás agachadas, cuspiá cada vez que pasaba a “ *Iesma derreada* ”, como el o bautizou. O certo foi que co paso do tempo medroulle tanto a xoroba ó Atilano que sobrepasaba dous palmos da curota da cabeza.

-” *Ela sana ós enfermos que me veñen visitar -explicoume un día o Atilano. -Atrae ó mal porque eu son un dos fillos que ó demo lle saiu revirado. Tanta inmundicia gardo na xoroba que un día vaime estoupar. “*



-Ese día chegou. Foi o día no que o Xenaro se dobregou por terceira vez. Era cousa de vida ou morte. Xa cumprira dezaoto a Rosiña, a súa filla, hoxe enloitada, velando ó prometido e mais ó seu pai ó mesmo tempo. Caprichos da morte. Tiña a Rosiña os dezaoto anos máis fermosos que calquera Venus anhelase. Era un feitizo de criatura. Coa súa amarmelada cabeleira , o seu falar modosiño e a súa doce mirada namoraba ata ó mesmo vento que dela non se quería soltar ; por iso o Xosé Alberte, o fillo do médico ,de profesión conquistador, parrafeaba con ela nos arredores da casa.. Disque xa pensaran casar , ou iso se deduce da fachenda do Xenaro cando se gababa diante do Atilano con desprecio:

-” *Non hei de tardar en devolverche o que che debo. ¡Queira Deus que afôgues con todo! O teu capital comparado co que vai te-la miña filla é miudallo.* “

-A Rosiña aprendía daquela a coser en Pacios. No medio dos pespon-tos, paliques e gargalladas sorbeu e tragou un alfinete. Aínda que a ela lle daba reparo presentarse daquela guisa diante do seu futuro sogro levárona sen demo-rra ó doutor. O asunto debeulle dar tan mala espiña que deseguida enviou unha carta urxente para un colega estranxeiro, un ciruxán alemán. Ó parecer, sería o único capaz de abrir aquel estómago onde seica cravara o artilluxio. Pasaban os días e a Rosiña tornábase murcha, rechumida, afuscada pola néboa da traxedia, cos olliños afundidos. Esvacía deste mundo ante a impotencia dos veciños que agardaban no curral espantando ás pegas do tellado e maldicindo o ouvear dos cans.

A Isolina , polo instinto de nai que xa ule a morte, soltou a man da súa filla e saiu, xa de noite, ás furtadelas, por detrás da cancela. Tapada cunha touca negra vira eu entrar na casa do Atilano, o Imantado .

Nada máis vela soubo ben o Atilano a que viña. Antes de que falara preguntoulle

-” *¿ O teu home está de acordo, Isolina ?* “

-” *Nada lle dixen - respostou entre saloucos Isolina - pero xa entrará en razón. ¿ Vós vir?*

-” *Vou de camiño - indicou o Atilano arrastrándose . -Antes de que eu entre pola túa porta debes convencelo.* “

-” *¡Deus te bendiga!- agradeceu aquela nai desconsolada* “

-Voltou Isolina. Debeu entrar pola corte. Alí atopou ó Xenaro derru-bado; contaba as horas arrimado á pila do esterco. Dali comezou a medrar a porfia máis desgarradora que dúas almas doentes poideran manter neste mundo. As xentes, caladas, mirábanse ós ollos buscando respostas. Xa osmban a morte entrando na corte polas puntas do forcado ou no gume da fouce antes de subir pola Rosiña ó sobrado. Pouco a pouco foi mingando a voz do Xenaro ata enmudecer diante das apaixonadas verbas da súa dona .Todos poideron oír con claridade:

## Da auga e da terra de Paradela

-” ¡ Toma esta corda! Eu vou a ir para arriba. ¡ Como nos morra a filla xa te podes aforcar nesa viga! “

E houbo un silencio... deses que afogan. Cravámo-los ollos no limiar cando apareceu o Xenaro... coas mans agarradas á soga. Tras del entornouse a porta. A xente rezaba por debaixo da gorxa...

-”*Deixaralle entrar ó Atilano na súa propia casa?*- pensabamos todos.

Rachou aquela agonía o remar duns brazos na lama. Era o Atilano. Polo curral arrastraba o seu corpo. Abriuse un ronsel con moito murmurio, con moito espavento, ata que se acercou case ós pés do Xenaro. Alí se detivo. Ergueu o sombreiro. Voltou o silencio... Ó Xenaro supurábanlle os ollos lume do inferno... Despois dun momento apartouse a un lado e abriu a porta co brazo dereito.

O Atilano comezou a choutar de chanzo en chanzo das escaleiras. Ninguén o vira bulir de semellante maneira. Subimos todos tras del, todos agás o Xenaro.

Ordenou o Atilano baixa-la Rosiña da cama con moito coidado e colocala no xergón por riba do sobrado. Mentres outros trougueron unha palangana de auga fervendo. Lavou e secou ben as mans coas que palpou e repalpou aquel corpo mol da mociña, dende a gorxa ata as illargas. Respiraba fondo cos ollos pechados,..palpaba e escoitaba. Eu, coa toalla, limpaballe a suor da testa.

Os corazóns dos que ateigaban a estancia detiñan o tempo da deusa esperanza. Pero, aínda que lento, pasaba sen resolver nada. Máis de un se foi mentres pensaba:

-”*A sorte xa está botada.* “

Descansou o Atilano. Sumerxiu a fronte na palangana. Logo secou a cara.

-”*Tráeme nunha escudela tres culleradas de pingo cunha presa de borrallo.* “- *díxome.*

Baixei nun aire; subín sen alento. Á vista de todos tragou aquela encalada. Houbo quen fuxiu por mor das arcadas.

De seguida advertiu:

-” *Preciso estar só* “

Ollou á Isolina para indicarlle que se quedara. Dirixíndose a min pediume:

-” *Encárgate de que non volva a entrar ninguén.* “

Así foi. Quedámo-los tres a carón da resollante Rosiña.

-” *Hai que espi-la rapaza.* “

A Isolina buscou nos meus onos a seguranza da necesidade daquel obrar. Debeuno atopar. Eu non pestenexaba. Quedeí abraiado vendo espirse ó Atilano.

-” *¡Meu Deus! ¡Que corpo tan tremebundo!* “ Nunca no contei a ninguén por se me chamaban mentireiro.

-¡Tan feo era!- preguntei

-Unha araña noxenta, meu señor. Cando a Rosiña logrou albiscar aquela horrible figura engurrou enrubescida a cara. Transfigurouna nunha pavorosa máscara mentres tentaba incorporarse. Irnpedíronllo as forzas mailas mans da nai que lle tapaba os ollos apretándolle a cabeza contra o leito.

O Atilano dirixiuse ata a mesma punta dos pés da rapaza e, sen reparo, separoulle canto daban as dúas pernas.

-” ¡Non, non, non!- *suplicaba extasiada a Rosiña zafándose das mans da Isolina que a suxeitou polos pulsos e axeonllouse no chan coa cabeza da filla entre as sofraxes.* “

Nese intre tentaron abri-la porta. Pensei no Xenaro. Tiven que me estarricar con forza contra os pés da cama para aborta-lo intento. Mais xuro por Deus que cando o Atilano avanzaba por entre aquelas coxas tremecentes que, anque extenuadas, seguían a loitar salferidas de burbullas escumosas de suplicio e agonía,... xuro por Deus,digo, que quixen fuxir para non ser cómplice de tan repelente atrocidade. Así o ía facer cando me retivo coa ollada suplicante a Isolina sen deixar de decirlle á filla:

-“¡ Vai ser polo teu ben! ¡ Vai ser polo teu ben! ”

Rebentei a chorar .Vin apousarse as degretadas mans do Atilano nas ínguas da Rosiña. Decidín pecha-los ollos pero, de súpeto, o Atilano envorcou. Quedou revirado, esmagando coa xoroba o ventre da mociña que impaba como se parira. Pouco a pouco, o Atilano colocou as pernas e as mans por ambos dous lados dela como unha araña panza arriba. Nesa postura comezou lentamente a escudriñar coa xoroba polas reviravoltas das tripas ata deterse enriba do estómago onde arqueou o seu corpo dun xeito propio dun ximnasta. Logo flexionou a un ritmo acompasado. Acoplaba os seus entrecortados xemidos cos da Rosiña, cada vez máis intensos. Quen tal espectáculo escoitara sen velo daba para pensar mal. Imaxinei a cara do Xenaro observada polos veciños.

Aquela excitación rematou cun éxtase apoteósico no que a Rosiña cus-pía borbollóns de espuma enferruxada. Ó bota-lo derradeiro ceibou un atrona-dor suspiro no que expulsou, envolto en sangue, aquel condenado alfinete.

-¡Parece que me está a contar un exorcismo!- exclamei

-¡Non diga tal!- advertiu o vello alporizado mentres se persignaba - ¡Non me sexa herexe! Estoulle a contar ó que recorre a xente cando se sinte impotente, ¿entende? Iso foille sempre.

-Si, si- asegurei. -¿Que ocorreu despois?

-Caeu o Atilano ó chan. A Rosiña entornou a súa cabeciña, estirou a man para acariciarlle a cara como namorada agradecida. A Isolina, co alfinete nas mans, bailaba entre bágoas. Axudamos a vestilos e permitimo-la entrada da xente. ¡Milagre! -dicían. Bicaron ó Atilano. Fixéronlle mil reverencias rogándolle a Deus que o convertise en Santo mentres baixaba polas escaleiras. Na porta non estaba o Xenaro. O cocheiro accionou o elevador e partiu raiando a aurora. Nunca máis o Atilano voltou a curar a ninguén. Nin se ergueu da cama, onde tremelicaba de frío, rebentado daquel esforzo supremo por salva-la vida da filla

## Da auga e da terra de Paradela

do seu maior enemigo que, ó mesmo tempo, era seu medio irmán. Así somos nestas terras - explicou o vello - esquecemo-lo todo nun caso de morte por axudar ós nosos veciños. Non somos peixes de prata senón lobos de manteiga - sentenciou.

Aínda hoxe me fai cavilar aquela sentenza do vello. Logo continuou.

-Pasaran tres días nos que o estertor do Atilano escoitábase dende fóra.

Xa remocicara algo a Rosiña. Decidiu preparar unha compota para o Atilano. Levoulla e pasou media tarde a carón da cama tentando que a probara. Alí a atopou súa nai:

-*"Tes que vir á casa. Chegou o doutor co médico estranxeiro. Queren verte."*

-*"Eu estou ben. Dilles que se marchen"*

-*"Tamén está o Xosé Alberte."*

Cando oi u aquilo despediuse Rosiña con tristura do Atilano.

Empeñáronse os galenos en examinala rapaza. Ó remate da exploración baixaron calados ata a cociña. Lavaron as mans en tan silenciosa cerimonia que preocupou ó Xenaro.

-*"¿Ocorre algo malo?"- preguntou.*

Os doutores seguiron calados. Secaron as mans. Convidáronse a un cigarro sen soltar palabra. O doutor, pai de Xosé Alberte, miraba ó fillo de esguello. Este debeuno entender ben porque dixo :

-*"Eu non teño nada que ver no asunto- e saíu da casa."*

-*"Pois a moza está encinta -afirmou o doutor .Corroborouno o cirurxán coa cabeza."*

-*"¡Era sabido! Non podía ser doutra maneira. Tivo que ser o Atilano o día que lle sacou o alfinete. ¡Ben se oía dende fóra o que ese bárbaro lle facía á criatura!"- pensou o Xenaro fuxindo da casa. Tamén os veciños de seguida baduaban afirmando tal barbaridade.*

As xentes cuspián na porta do Atilano, entangarañado na cama. ¡Que pouco se tarda en trocar un santo por demo!

Na compañía da miña sombra aluarada - meditaba o vello - voltaba eu de noite para a casa. Os veciños non querían escoita-la miña palabra. Nin crían á Isolina. De súpeto, saíu da congostra outra sombra abafada. Levaba na man unha machada. Tíveno craro:

-*"Vai para a casa do Atilano."* - pensei.

Busquei axuda. Cando chegamos xa derrubara á porta da entrada. Subira polas escaleiras e desfacía a porta da habitación.

-*"¡Non, Xenaro, non!"- berramos abalanzándonos contra el xusto cando ía asesta-lo primeiro machadazo no corpo do Atilano. Logramos reducir aquel volcán enfurecido. Cando acendemo-lo candil para espertar ó Atilano xa non era preciso. Estaba ríxido. Morrera soíño, atecido de frío.*

Pódeme crer se lle digo que nin no velorio se presentou un veciño, a non se-lo tolo de Cerexedo; foi el quen me axudou a espilo, lavallo e vestilo pero no cadaleito non o demos metido.

-¿Entón como fixeron?

-Achéguese aquí que llo conto, á beira deste castaño, porque ben ve que xa estamos á porta da casa da Raspa. Quero que o saiba todo antes de que entremos. O día do enterro do Atilano, antonte, chegou unha multitude de xente forasteira pero a quen menos agardaba eu era o Xenaro e o Xosé Alberte, hoxe defuntos. Chegaron xuntos, moi traxeados. Tamén estarán agora. Ofrecéronse para leva-lo a ombros. Parecéronme algo burleiros pero aceptei porque aquel corpo morto pesaba o infinito. Pregunteilles como iamoa a facer para coloca-la tapa pois a xoroba empuxaba o corpo por fóra da caixa.

Xa viñan preparados. Sacaron de martelo, puntas e cordel para crava-lo estirado ás catro esquinas. ¡Moito se mofaron do defunto!

Cando remataron erguérono por diante. O tolo e eu fixémoslo por detrás. Comezamos a baixa-las escaleiras amodiño. Iriamos no medio da baixada cando estalou o cadaleito, saiu arrollo o Atilano, tirou os dous levadores a rolos ata as lastras da soleira. Ámbolos dous quedaron tan mortos como o Atilano. No medio deles amosou, por fin, aquel sorriso morno que perdera de neno.. Así que xa ve caprichos da morte que nos xuntou a todos aquí en San Martiño porque un morto matou dous vivos; burlas da morte, caprichos do demo - rematou o vello entrando polo medio da xente que se apartaba para deixarnos subir.

Recibiunos unha moza loira, fermosa onde as haxa, a pesares das bágoas que amolecían a súa cara enloitada. Tiña que se-la Rosiña. Bicoume as mans con tal ansiedade que me quedei azorado.

-Gracias por vir, señor. É un milagre do ceo que vostede se achegara aquí. Ninguén quere reza-lo rosario -dixo de xeonllos .

-Pe...pe.. pero eu.- tentei explicar a confusión que tiñan cando o vello co que eu estivera a falar púxome a caiada no peito para advertirme:

-Non se irá a negar, ¿ ou? Non me parece que teña vostede alma de rá.

-¡Alrna de ra! -pensei .

Aquelas palabras xeáronme o peito. Entendín á primeira. Busquei os cadaleitos no sobrado e comecei a rezar coa cabeza ergueita. Faríao en varios idiomas se fixera falta. Nada máis rematar servíronme un grollo de augardente, néctar divino. Contaxiouse a maxia daquela hospitalaria xente capaz de facerlle arder á auga milagreiramente.

De súpeto taparon os cadaleitos.

-Veña comigo- dixo o vello.

Na saída, dúas fileiras de farois formaban un corredor para os ataudes que viñan tras nosa.

## *Da auga e da terra de Paradela*

-Agora coñecerá a historia de auga, escrita polo tempo nos alicerces do mosteiro de Santa María, moito antes de que os Cabaleiros Cambiadores andiveran de vixías.

Latexabame forte o corazón. Mergullados na escuridade fomos pasando das ribeiras do Loio ás ribeiras do Miño, noutrora camposas de amoríos onde se bicaban os dous ríos.

-Aquí, neste encoro, é onde afogaron ó Loio - anunciou o vello con bágoas nos ollos. - Pousade - ordenou. -Apostarémonos ata que, na alborada, baixe á brétema a abeberar.

Así foi. Nun tenso silencio observamos como as nubes maiores, as do branco algodón que se tornan roibas coas caricias do sol, se enchoupaban con degoiro para logo ascender, fartas e cansadas, penduradas dos raios dourados. Deixaron ó encoro case baldeiro.

Na terra regañada abriuse a porta dunha vella adegá. Eu agardaba a Virxilio saíndo do Averno mais apareceu unha anciá con ollos chorosos de ra amarela.

-Chámome Sibila. Son garda das ánimas que vagan ó solpor nas nosas terras ribeirás, preto das fauces do Loio - explicou. -Lembreivo-la noite de lúa prateada na que a raíña das augas, a Hidra malvada, fitou a un mozo preto de Cortes, nas augas do Loio, onde o seu corpo bañaba. Envolveuno cos seus sete brazos, cinguino o seu corpo cilíndrico, nunha aperta envelenada, ata fundi-las sementes de serpe e home, auga e barro, todo e nada. Froito de tan macabra xuntanza naceu un fermoso neno loiro para engaiolar a tódalas mozas da arredada nos fiadeiros, romarías e foliadas. Súa nai, a Hidra, fiumenta e posesiva, encerrouno na palafita real custodiada por exército de noxentos cínfanos. O rapaz choraba cativo nos feudos materno. As mozas chorosas rezaban, ás beiras, implorando a súa liberación. Suplicáronlle ó Loio que se encaixase máis fondo para poderen socava-la prisión do rapaz .

O Loio, río con sentimento, logrou liberar ó rapaz. Acubillouno no seu mesmo berce. As xentes quixeron nomealo rei, xusto onde hoxe chamamos Castro de Rei.

A Hidra xurou vinganza. Non parou no transcorrer dos séculos ata casar co deus Bel, celta feroz, residente en Belesar. Este non dubidou en dete-las augas do pai Miño para que afogase ó Loio, o seu propio fillo. Dende aquela, saloucan mergullados os recordos das xentes despavoridas. Levaron os seus corpos pero deixaron ás súas almas debaixo da presa para sempre afundidas.

-E hoxe estamos aquí- tomou a palabra o meu protector - para depositar neste encoro as almas do Xenaro e do Alberte que ousaron mofarse dun morto de xeito irreverente. Cando purificadas se vexan ascenderán polo Loio ata o lugar onde, mañá, enterraremos-los seus corpos. Alí agardarán ata fundirse para sempre con elas igual que xunguidas eternamente permanecen en Paradela as historias da auga e da terra.



### **Vicente Javier García Gómez**

**Vicente Javier García Gómez** naceu o 6 de Decembro de 1968 en A Coruña.

#### Publicacións:

PEDRAS ARMEIRAS DE CAMBRE. (A Coruña, 2003) Libro histórico-artístico baseado nos escudos e labras heráldicas que brasonan antigas casas, pazos e outros monumentos espallados polas parroquias das Mariñas de Cambre.

XORNAL MUNICIPAL DE CAMBRE. Artigos sobre arte, historia, etnografía e folclore; dende o ano 2001, publicación trimestral.

#### Premios:

CONCELLO DE A LAMA. II Concurso de Relato Curto. Xuño de 2004. Primeiro premio.

CONCELLO DE CURTIS. I Certame de Narracións Curtas. Xullo de 2004. Accesit.

# fonte do barán

Vicente Javier García Gómez

---

Mentres a súa dona tremía dende a escuridade da cociña, el cortaba nos chourizos sempre a piques de dar unha tallada na man, mentres botaba cuncas de ribeiro que tanto ían por dentro como ciscado polo mostrador, sempre cun conto nos beizos ou calquera historia que facía abrir a boca e os ollos a todos cantos se achegaban á taberna do Pataratas, aló no camiño de Vilaragunte antes da ponte vella do Loio, xusto por onde desauga o regueiro de Toimil.

Naquel ano como case sempre, caera a romaría dos Dolores de Pacios nun chuvioso domingo de setembro e moita xente dos arredores enchía a vella e fedenta taberna, animados xa non pola multitude que toda feira con gando propicia, senón polo orballo que en toda a mañá non deixara de caer. Como decía, amarrei a besta na cancela da corredoira e á carreira entrei na taberna á procura da calor do lume e, como non, do licor de herbas da señora Marisa.

O Pataratas, como de cotío acostumaba a facer cando tiña en grande o número de xente desexosa de escoitar as súas historias, contaba o falangeiro, estábavos a decir, o que case todos os alí presentes oíran unha chea de veces, e que el relatava como se realmente lle ocorrese en persoa.

-Nese momento, -comezou a relatar en voz baixa, -nese momento, dígovos, foi cando vin alumear aló no Outeiro de Barán, aquela resprandecente e cegadora luz que virou de súpeto en día un bo anaco de monte arredor dos penedos máis outos, aínda que xa vos dixen antes, era noite ben pechada, desas noites sen lúa e co ceo totalmente cuberto dunha cor negra que facía tremer. Eu non tiña medo ningún, -alardeaba o fanfarrón, -no intre en que asomou de entre as xestas unha fermosa moza, enteiramente espida e con loiros cabelos que lle cegaban ata onde o lombo perde o seu nome. Faloume e, aínda que para min era unha lingua extraña e descoñecida, comprendinlle todiño canto me estaba a decir. Dixome que me enchería de riquezas e ouros, e dígovos máis, -dixo agora baixando aínda se cabe outro chisco, o tono do que estaba a contar, -voltaríame novo e bon mozo se lle axudaba a desfacer o encantamento ó que estaba suxeita.

Na taberna xa non collía ninguén, xente de toda condición, tratantes de gando, feirantes e quinquilláns; ferreiros, zoqueiros e o pulpeiro de Arzúa; cesteiros, labregos e ata o cego de San Cristobo do Real que ese día nin recitou o seu cantar, xentes digo, de toda a comarca escoitaban abraiados como o Pataratas os ía engaiolando coa súa palabrería mentres botaba, sempre atento ó negocio, cuncas e máis cuncas de ribeiro ós sedentes oíntes.



Trataba eu, aínda que ó final sen conseguilo, que non reparase na miña presenza pois como sucede sempre que me achego por alí, e desta vez non ía ser diferente das outras veces, deixaba de súpeto de contar o que estivese contando, sabedor de que eu, dende a miña condición de médico comarcal, sempre lle rebatía as súas fantasiosas historias, poucas das veces, ou ningunha, creíbles por ninguén.

Seguía o taberneiro a regar o mostrador con viño, por certo o mellor ribeiro que xamáis me serviran nas moitas aldeas da comarca que tiven visitado e que nunca revelou de onde o traía, o condenado; mentres o facía, sigo a contar, propúxome non sen certo aire de desafío que contase ós alí presentes o que case todos oíran anque ninguén sabía con certidume, do acontecido alí mesmo hai xa tantos anos que o pouco que algúns sabían, xa nada tiña que ver co que realmente sucedera.

Contoumo miña aboa cando eu aínda era rapaz e vivíamos na casa vella de Cadeiras, da outra veira do Outeiro, unha mañá na que tivemos que carrexar na auga dende a fonte do Barán, e alí sentados, cansos e sen folgos, díxome Avelina: raparigo, vouche contar o que nunca lle relatara a ninguén, escoita ben, pois non cho volverei a decir.

Unha morea de anos hai xa, no casal de Bustaregas vivía un home de todos coñecido, nada traballador e moito menos amigo de ninguén, que por non se sabe de quen, enterouse da existencia dunha fonte enfeitizada que facería felices ós que poideran desfacer o encantamento que pesaba sobre ela dende antes dos tempos dos mouros, decía a miña aboa; onde unha fermosa moza aparecía espida cada trinta anos, sempre nova e á procura de quen a liberase cun desencanto.

Velaí que se presenta, na fonte que chamaban do Barán, o noso amigo Fonsiño do Bariz, acompañado moi de preto por Felisindo da Parrocha e por Pachucho de Cereixedo. Convencéraos o bo de Fonsiño, incautos e inorantes eles, para o acompañar a facer o desencanto da fonte coa promesa de grandes riquezas, e alí estaban, os dous labregos ante o manantial e o lambón lendo unhas notas que lle mercara a un cego na feira de Pacios. Con grande dificultade, dadas as poucas luces que posuía, comeza a ler dun anaco de pergamiño coa previa advertencia ós dous compañeiros de que non se movesen nin falasen aínda que viran o que viran, e que non se asustaren pois quedaría estragado o choio que os levara ata aquel recuncho do monte.

-Adeus á miña santiña,  
Engracia do meu sosego,  
auga da miña fontaña,  
arránxame o encantamento.

De súpeto, en metade da entrecortada lectura, a auga da fonte comezou a ferver tornándose nunha cor bermella que facía torcer a vista, e xa cando o fervor era moi forte, unha chea de serpes, quizá centos, saíron de entre as axitadas augas escorregando entre as pernas acaneantes do Felisindo e do

## *A moza da fonte do barán*

Pachucho, mortos de medo e brancos como a lúa chea, pero eso si, coitados e quedos como lles dixeran o Fonsiño, que seguía a ler nos versos como si a cousa non fose con el. Nesas intres comezou a emerxer unha fermosa moza totalmente espida en metade dunha luz cegadora, rodeada de brasas e lumes, cousa que os pobres labregos xa non puideron aturar e pensando que se trataba dunha bruxa, saíron á carreira tal que o demo levasen no cú.

Nada máis volveuse saber do Fonsiño, disque foi engulido polas augas da fonte, según aseguraba miña aboa. Respecto da moza, nada sabía, ou nada quería dicir Avelina, pero o certo é que ninguén me soupo dicir da súa procedencia cando preguntei, pasados trinta anos, a onde se dirixía a aboa na noite do terceiro domingo de setembro, espida e tan nova como o día que me contou o que agora vos digo a todos vós. Eso, amigos meus, relatoumo miña aboa sendo un rapaz, fai hoxe á noite sesenta anos.

# *El sargento*

---



## **Andrés Albuerno**

**Andrés Albuerno** nació en Gijón (1964) y es Licenciado en Historia.

Ha publicado los poemarios *El crimen sagrado* (1988) e *Imposible propensión al mito* (1992), con el que obtuvo el Premio Texu de Poesía.

# de Waterloo

Andrés Albuerne

---

Juan Estrada y Alberto Gómez se habían conocido en los tiempos remotos de la Universidad. Al principio habían sido buenos amigos, porque las juergas cierran vínculos de otra manera imposibles; pero, sobre todo durante el último curso, su camaradería se había ido enfriando. Alberto respondía al arquetipo del discípulo concienzudo, para el que las asignaturas son un constante fluir en el sentido agustiniano. Juan, sin embargo, estudiaba a trancos, de examen en examen, y en demasiadas ocasiones recurría a los apuntes de Alberto, hasta que este acabó por hartarse de aquel rol de secretario.

Con estos cimientos, Alberto partía con ventaja a la hora de afrontar lo que en términos burgueses se entiende por *el futuro*. Ganó la oposición a Medias y eso, aunque aparejase nueve años de destierro por localidades arrinconadas en los mapas, le allanaba el camino para culminar su vocación de siempre, la única y verdadera, la de escritor.

Mientras Alberto se enfrentaba con tenacidad a la pantalla del ordenador en que se había gastado su primer sueldo, Juan acumulaba otros tres fracasos antes de admitir su incapacidad y resignarse a que nunca ingresaría en la enseñanza pública. Sólo entonces, ante la perspectiva de convertirse para siempre en un superviviente a base de clases particulares en la mesa del comedor, escuchó a su hermano y comenzó a frecuentar el local del Partido. No tardó en ocurrírsele a alguien su nombre para completar una lista, y salió concejal, y luego parlamentario autonómico, y un buen día se encontró en un despacho confortable, firmando resoluciones y sin una perspectiva demasiado clara acerca de cómo lo había conseguido.

En diez años, Alberto había escrito tres novelas, y en ellas había volcado lo más inmortal de su alma. Las dos primeras las había presentado a una decena de premios, para que un jurado tras otro proclamase la excelencia de cualquier cartapacio firmado por un bien nacido. Y mientras paría la tercera empezó a reconcomerle la obsesión de que le faltaba un Padrino, con pe mayúscula, para triunfar en aquel mundillo endogámico y mezquino, donde los iniciados se repartían las prebendas y hombro con hombro las defendían de intrusos y advenedizos.

Una tarde cualquiera, después de todo aquel tiempo, Juan y Alberto coincidieron en un café. Alberto vio a Juan más calvo; Juan a Alberto, más gordo. Alberto contó que por fin le habían dado el traslado a su ciudad, y Juan que hacía seis meses que le habían concedido el divorcio.

—Supongo que continuarás escribiendo.

—Hay vicios de los que es muy complicado apartarse. Es como beber o fumar, sabes que mata; pero, aunque rompas una botella o arrojes al suelo una cajetilla, pronto buscarás de dónde echar un trago o una calada. ¿Y tú?

—Yo me limito ya al papel de lector, o al de crítico, que resulta todavía más innoble. Mis últimos intentos resultaron del todo patéticos, fueron como los del cazador que sale un día tras otro a un coto donde se han acabado las liebres. Primero me desesperé; después, llegas a convencerte de que las uvas están verdes.

—Lo que a mí de verdad me escuece, lo que me encorajina, es la sensación de que nunca me darán la oportunidad de conocer mi auténtica valía. Por desgracia, el éxito depende menos del talento que de los contactos.

—Y no te falta razón. Todavía la otra semana, en Barcelona, cené con P... —mencionó a un importante editor—, y me aseguré que hoy los autores se fabrican. Ya no es que nazcan, ni que se hagan; los editores chequean el mercado, prevén qué va a leerse y, como los emperadores en el circo, dan al populacho lo que pide.

—O lo que le han incitado a pedir. Así que tú..., ¿tienes mucha confianza con P...?

—Hombre, íntimos no nos considero, pero sí que hemos, ¿cómo expresarlo?, colaborado. Él defiende unos intereses y yo otros, lo cual no impide que en ocasiones coincidamos.

—Y si tú le presentases un original, ¿se tomaría la molestia de leerlo antes de devolvérmelo con la atenta de siempre: «Lamentamos que su obra, cuyo mérito no cuestionamos, no encaja en nuestra política de ventas actual»?

—Al menos hay que agradecerles el esfuerzo por no lastimar el ego del autor rechazado, ¿no? Sí que podríamos probar. De hecho, una vez me preguntó si conservaba la vena literaria, porque uno de mis colaboradores le comentó que en otra época me había picado el ansia de la celebridad, y hasta sugirió la posibilidad de publicarme.

—¿Ves? Tú eres alguien con un nombre, en cuanto tu secretaria lo menciona se ponen en seguida. En cambio, a la gente como yo se nos llamará en breve, pero el teléfono nunca suena. Dime una cosa. Acabo de terminar una novela, ni siquiera se la he prestado a nadie, pero estoy convencido de que es buena. ¿Quieres leerla? Y, si te gusta, si no estoy trastornado ya al extremo de confundir molinos con gigantes, ¿se la recomendarías a P...?

